

## 'O valo'

### Espectáculo teatral sobre as fronteiras e as persoas refuxiadas

**PROTAGONISTAS** Pallasos en Rebeldía é un espazo do teatro galego para traballar a cooperación internacional a través da risa. Xurdida nunha visita a Chiapas en 2004, consideran que o clown desempeña un papel protector de valores sociais como a crítica, o dereito a rirse das persoas desfavorecidas ou a superación dos nosos complexos mediante a cura da gargallada.

**OBXECTIVOS**

- Promover a reflexión sobre as fronteiras e as migracións.
- Evitar o esquecemento das guerras e das persoas refuxiadas.
- Convidar á transformación da realidade pensando un mundo diferente.

**DESCRICIÓN** O espectáculo, no que interveñen un actor e unha actriz, está baseado na obra 'O valo', de Carlos Labraña, gañadora do IX Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. A obra representa o encontro entre unha nena que foxe da guerra e un rapaz soldado, gardián devoto de fronteiras móbiles. O conflito en Siria obrigou a máis de cinco millóns de persoas a abandonar o país na procura de refuxio noutros lugares, entre as que se achán moitas menores. 'O valo' é unha obra escrita en homenaxe a todas elas, para que on permanezan no esquecemento e as súas vidas constitúan o xerme da loita contra todos os valos, aramados, muros e fronteiras que separan os seres humanos.

**PÚBLICO** Alumnado de 5º Primaria, 6º Primaria, 1º ESO, 2º ESO.  
Exclusivamente centros de ensino.

**DURACIÓN** Tempo de montaxe : 2 horas.  
Espectáculo: 50 minutos.  
Tempo de desmontaxe: 1 hora.

**RECURSOS** Espazo con 4m de boca e 4m de fondo.  
Toma de corrente para equipo de son e iluminación.  
Pódese adaptar a calquera espazo escénico: centros de ensino, casas da cultura, auditorios, etc.

**PERÍODO** De abril a decembro, de luns a venres preferentemente en horario de mañá (agás do 11 ao 20 de maio).

**ACCIÓNS OPCIONAIS**

- Actividades da unidade didáctica
- Debate guiado posterior á obra (20 minutos)
- Sesión de reflexión guiada (100 minutos) *\*En función da dispoñibilidade*

**MATERIAIS ADICIONAIS**

- Unidade didáctica
- Libro 'O valo'
- Modelo de cartel
- Modelo de nota de prensa
- Fotografías promocionais